

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	A ESTRADA
Edificio	Ermida da Nosa Señora da Consolación, Tabeirós
Dirección	Lugar da Consolación, s/n. 36684
	42.661153 -8.461931
Protección	
Descrición	Érguese a ermida na parroquia de Santiago de Tabeirós á saída do lugar da Consolación, a carón do camiño xacobeo que conducía os peregrinos a Compostela. No campo diante da ermida ízase un bo labrado cruceiro. Capela de planta rectangular. Portada de arco alintelado recercada de moldura plana. Extremos encapitelados e espadana central de dobre van. Sobre a porta principal hai unha fornela onde se acubilla a imaxe pétrea da Virxe da Consolación. No lateral destro unha porta con arco semicircular permite entrar tamén á capela e unha fiestra deixa pasar a luz ao interior. A ábsida está máis alta e é máis estreita ca nave e ten dúas xanelas a cada lado. A nave ten tellado a dúas augas, mentres a ábsida o ten a catro. Conta unha lenda que os veciños toparon unha imaxe pétrea da Virxe no mesmo lugar onde máis tarde se construiu este templo. Este cantar sobre a Virxe da Consolación fai referencia á lenda que explica a orixe da capela e que está recollida por Camilo Erias nun libríño co título Novena en honor de la Santísima Virgen de la Consolación y Correa (1981). Cóntanos que apareceu unha imaxe pétrea da Virxe que os veciños colocaron xunto a unha fonte -que aínda se conserva hoxe- e que o párroco pensou en levar para a igrexa. Aos poucos días o cura pasou por alí montado no seu cabalo e xusto onde aparecera a imaxe caeu ao chan, vendo a imaxe da Virxe entre uns raios de luz. Ao erguerse prometeu facer alí unha capela. E pouco despois un veciño atopou no mesmo lugar uns cartos dos que, se ben se anunciou na igrexa, non apareceu o seu dono. Finalmente con eses cartos mercaron o terreo onde facer a capela, contribuíndo todos os veciños na súa construción. Pero a ermida da Consolación sufriu moitos cambios ao longo dos anos tanto no exterior, como no interior. Por exemplo, a obra da espadana é posterior. En efecto no século XVIII refórmanse moitas pequenas igrexas e unha das obras que se levan a cabo é a de remodelar ou modernizar as fachadas dotándoas de espadana en vez do remate que tivesen. O tipo de espadana dobre cun pequeno corredor por detrás e con variados pináculos nos laterais é moi usual nestas datas. Hai moitos exemplos na contorna, como poden ser os de Ouzande, Rubín, Arnois, etc.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	

Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	22-12-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1898	60	125
Espadana	Maior.	CABRILLO MAYOR, JOSÉ	1948	95	496

Información completa: [Ermida da Nosa Señora da Consolación, Tabeirós - A ESTRADA \(GALICIA\)](#)

PDF (30-08-2026)